

**"Berra non"** poema editado por Moncho baixo oseudónimo de Ken Sabe.

Cando os fortes te asoballen  
e te bailen ao seu son  
cando esteas aldraxado  
faite un home e berra non!

Cando vexas aos "bos homes"  
roubando peor que ladróns,  
cando vexas a inxustiza,  
faite un home e berra non!

En canto vexas semellantes  
traballar de sol a sol  
facendo aos ricos mais ricos  
faite u home e berra non!

Mentres haxa cobizosos  
que asoballen por ter don,  
en canto haxa que axeonllarse  
faite ouvir e berra non!

En canto vexas homes rindo  
por dentro chorar coa dor,  
á sociedade na que vives  
bérralle, dille que NON!



Ken Sabe